RESUME 1ª ASAMBLEA ORDINARIA

O día 25 de outubro celebrouse a primeira asemblea ordinaria do curso académico 2011-2012 a cal asistiron 44 socias e socios. Logo de aprobarse a acta da asemblea anterior, informouse de diferentes asuntos de interese. Por unha banda a colaboración da ANPA co colexio, materializada nestes meses no acondicionamento dun local anexo o patio cuberto, co fin de utilizalo como almacén de material para diferentes actividades, e na adquisición de mesas de debuxo plegables con varias posicións, para usos diversos, con destino o salón de actos. Tamén se comentou a concesión a ANPA, por parte da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, dunha subvención de 6.000 euros para a promoción de actividades fomentadoras de actitudes non sexistas. Esta subvención utilizarase para a adquisición de material e a redución de custes das actividades, que se aplicará nos recibos unha vez recibido o importe da subvención.

Tamén se falou da posibilidade de adherirse a iniciativa do Concello de Santiago para que éste se faga cargo do servizo de comedor do colexio. A presidenta expuxo o sentir unánime da actual directiva, apoiada tamén pola maioría dos asistentes, no sentido manter a situación actual de autoxestión do comedor, dada a satisfacción xeral mostrada pola inmensa maioría das familias usuarias deste servizo.

Aprobáronse as contas da ANPA do pasado curso académico e finalmente debatéronse asuntos de interese xeral. Novos socios plantexaron dúbidas e aportaron propostas como a posibilidade de recuperar o servizo de autobús escolar, para o cal nos vindeiros meses farase unha enquisa que permita valorar a demanda real do servizo.

Dende a directiva agradecemos vivamente a presenza e participación de tódolos asistentes e animamos as socias e socios a acudir as vindeiras asembleas da ANPA.

Por último agradecer a Isa e Ana o ofrecemento para cuidar d@s nos@s nen@s no transcurso da asemblea.

ANPA EN CIFRAS

Socios ANPA:	**500**
Usuarios:	
MADRUGADORES:	**100**
Usuarios COMEDOR:	**327**

Para todo isto contamos cun fabuloso equipo de profesionais que día a día coidan ós nosos nen@s, encabezado por Ana María Martínez López e Isabel Moure Pereira e os seguintes monitores:

Madrugadores:
Ana María Martínez López
Isabel Moure Pereira
María Mosquera Paz
Nuria Lamas Campos
María León Otero
Mª Carmen Otero Sendo

Comedor:
Ana María Martínez López
Isabel Moure Pereira
Nuria Lamas Campos
Manuela Martínez López
María León Otero
Mª Carmen Otero Sendo
Leticia Fernández
Verónica García Blanco
Noemi Otero Franco
Carmina Loy Ramírez
Laura Álvarez Barreiro
Juan Manuel Cancela Sexto

ACTIVIDADE	ALUMNOS	PROFESORADO
Ludoteca	38	*Xandobela* Colectivo
		Maribel Casal
Teatro	24	Antón Ferrari
Psicomotricidade	31	Mercedes Martínez
		Marta Alonso
Música	94	Carmen Dor
		Iolanda Eiras
		Magdalena Martínez
Inglés	108	Archana García
		Monitores *Picadilly*
Piano	33	Carmen Dor
		Iolanda Eiras
		Magdalena Martínez
		Celia Pía
Batería	8	David Fariña
Guitarra	13	Xosé Alfonso
Ballet	76	Mercedes Martínez
		Isabel Sánchez
Debuxo e Pintura	13	Celia Pía
Taekwondo	14	Roi Pazos
		Rubén Ron
Baile Moderno	15	Mercedes Martínez
Natación	102	Monitores USC

anpa a ferradura

Por primeira vez dende que se ofrece este servizo, o comedor de 3 anos colgou o cartel de **"Aforo Completo"**.
Velaí tendes a imaxe do saber estar dos benxamíns da escola.
BENVIDOS e un bico forte para todos!!!



BALLET

O pasado 17 de decembro, a nosa profesora de ballet Memé co seu fantástico grupo de bailarinas tiveron unha completa xornada de actuacións. Ás 11:00 h visitaron o Centro de Maiores de Pontepedriña e ás 17:00 h o Cotollengo. As bailarinas interpretaron a obra de Don Quixote. O espectáculo gustou moito os asistentes, premiando as nenas e a súa directora con grandes aplausos. Moitas felicidades ó equipo e agardamos vindeiras actuación tan exitosas como éstas.

ESCOLA DE NAIS E PAIS

Na tarefa de educar para a independencia e a responsabilidade dos nos fillos, as nais e pais temos un papel esencial. A pesares de dispor de ferramentas tan poderosas como internet, que nos permiten obter toda a información que precisemos sen necesidade de sair de casa e manter unha permanente comunicación con persoas de todo o mundo, semella que as veces as canles de comunicación entre fillos e pais tenden a diminuir.

O obradoiro que organiza a UMAD precisamente pretende proporcionar as nais e pais estratexias e información que melloren a comunicación cos seus fillos e fillas e contribúan en último término a prevención das drogodependencias. Así, sendo conscientes da sua utilidade, animamos as nais e pais a participar neste obradoiro, que terá lugar os días 13 e 27 de febreiro e 5 e 12 de marzo do 2012, nas instalacións do centro, en horario de 16:00 a 18:00 horas. Todas as persoas interesadas poden inscribirse no local da ANPA.